

DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2025/G005/000020.

Excmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Alcalde Presidente do Excmo. Concello de Lugo.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión da **Xunta de Goberno Local**, que terá lugar no SALÓN DE COMISIÓNS o vindeiro **mércores, día 28 de maio de 2025, ás 10:00**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS, URBANISMO E DEPORTES E XUVENTUDE

LICENZAZS URBANÍSTICAS

1. DECLARAR A CADUCIDADE DA LICENZA URBANÍSTICA 822/2011 PARA A REESTRUTURACIÓN TOTAL POR CAMBIO NO PROGRAMA DE USOS DE EDIFICIO COMPOSTO DE PLANTA BAIXA PARA LOCAL COMERCIAL E 2 PLANTAS ALTAS E APROVEITAMENTO BAIXO CUBERTA PARA 3 VIVENDAS NA PRAZA PÍO XII, NÚMERO 8. (2025/Y008/000001).

2. LICENZA URBANÍSTICA PARA LEGALIZACIÓN DE DÚAS CORTES E AMPLIACIÓN DE CORTE DE VACÚN DE LEITE E AMPLIACIÓN DE FOSA DE XURRO EN GALEGOS, SANTIAGO DE SAA, 3 (Expte: 2024/Y001/000078).

CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

3. CONTRATACIÓN DA EXECUCIÓN DO PROGRAMA DE APOIO PSICOLÓXICO A MENORES FILLAS/OS DE MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO DO CONCELLO DE LUGO (CONCELLERÍA DE MULLER E IGUALDADE - SERVIZO DE IGUALDADE) Exp ref: 2023/C003/000002. PRÓRROGA DENDE O 7 DE XULLO DE 2025 ATA O 6 DE XULLO DE 2026.

4. CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE EQUIPOS DE PROTECCIÓN

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac1086811152527180631.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 28-5-2025

INDIVIDUAL (EPIS) PARA AS PERSOAS TRABALLADORAS DO RECINTO DO CEMITERIO DE SAN FROILÁN E NO MERCADO MUNICIPAL, Exp. ref: 2025-C004-000007. DECLARACIÓN DE DESERTO.

5. CONTRATACIÓN -MEDIANTE LOTES- DO ALUGUEIRO CASETAS "STAND" PARA INSTALACIÓN DE POSTOS DE VENDA EN SAN FROILÁN ANOS 2025 E 2026: POSTOS AVDA. RODRÍGUEZ MOURELO (LOTE 1), POSTOS RÚA PURO CORA (LOTE 2), POSTOS AVDA. DR. GARCÍA PORTELA (LOTE 3) E POSTOS PRAZA MAIOR (LOTE 4). APROBACIÓN DOS PREGOS DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS ASÍ COMO DO GASTO, ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN, EXP. REF. 2025-C004-000017.

6. PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN CONVOCADO POLO CONCELLO DE LUGO PARA A AUTORIZACIÓN DO USO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO PARA INSTALACIÓN DE MÁQUINAS AUTOMÁTICAS EXPENDEDORAS DE BEBIDAS FRÍAS, QUENTES E PRODUTOS NON PERECEDOIROS NOS EDIFICIOS E INSTALACIÓNS MUNICIPAIS, EXP. REF. 2025/C013/000002.

7. RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO CONTRA O DECRETO 12188/2024, DO 19/12/2024, POLO QUE SE APROBA A REVISIÓN DAS TARIFAS PARA O ANO 2025 PARA OS TRES APARCADOIROS SOTERRADOS SITOS NAS PRAZAS DE SANTO DOMINGO, FERROL E CONSTITUCIÓN, OBXECTO DO CONTRATO DE CONCESIÓN ADMINISTRATIVA ASINADO CUNHA EMPRESA, EXCLUSIVAMENTE CONFORME AO 1,5 % IPC. DESESTIMACIÓN.

8. APROBACIÓN DAS BASES PARA A AUTORIZACIÓN DA INSTALACIÓN NA PRAZA MAIOR DOS POSTOS DE VENDA DA FEIRA DE ARTESANÍA E GASTRONOMÍA; GASTROARTE; DAS FESTAS DE SAN FROILÁN DOS ANOS 2025 E 2026 CON POSIBILIDADE DE PRÓRROGA PARA OS ANOS 2027 E 2028, EXP. 2025/C013/000004.

FACENDA LOCAL

9. RECURSO DE REPOSICIÓN ALEGANDO DISCONFORMIDADE COA

VALORACIÓN DO EXPEDIENTE 2021/Y001/000064.

FOMENTO

10. PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIONS 2023-2025 DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, ACTUALIZACIÓN ANUALIDADE 2025.

PERSOAL

11. BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDADE DE 1 PRAZA DE OPERARIO/A EN VÍAS E OBRAS PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OPE 2024).

12. BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDADE DE 1 PRAZA DE OFICIAL CONDUTOR/A MECÁNICO/A PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OPE 2024).

13. BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDADE DE 1 PRAZA DE ORDENANZA PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE ACCESO LIBRE RESERVADA A PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL (OEP 2024).

ÁREA DE GOBERNO DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

DESENVOLVEMENTO LOCAL

14. SOLICITUDE DE PRESENTACIÓN Á CONVOCATORIA DA COMISIÓN EUROPEA DE SELECCIÓN DE SOCIOS PARA LEVAR A CABO ACTIVIDADES COMO CENTROS EUROPE DIRECT EN ESPAÑA (2026-2030) ED-2025-SPAIN-FPA-SGA.

ÁREA DE GOBERNO DE COHESIÓN SOCIAL

MULLER E IGUALDADE

15. APROBACIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS DESTINADA ÁS ASOCIACIÓNS E PERSOAS XURÍDICO-PRIVADAS SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA PROXECTOS DESTINADOS A ACTIVIDADES DE INTERESE SOCIAL EN MATERIA DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE DE XÉNERO (INCLUÍDA A ERRADICACIÓN DAS VIOLENCIAS MACHISTAS), DA INTEGRACIÓN DA MULLER E DA DIVERSIDADE AFECTIVO-SEXUAL PARA O EXERCICIO 2025.

MOCIÓNS, COMUNICACIÓNS E PROPOSICIÓNS

ROGOS E PREGUNTAS

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión ó Vicesecretario accidental, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó Interventor Xeral Municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente polo Alcalde-Presidente,